



ANEXO

PROPOSTA DE CREACIÓN DO OPERADOR ENERXÉTICO MUNICIPAL

CORUÑA ENERXÍA

OBXECTO

Mediante o presente documento sométese a aprobación do Consello de Administración de EMALCSA o inicio dos trámites necesarios para a constitución dun operador enerxético municipal, coas funcións e as características que se detallan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A metade da humanidade, 3.500 millóns de persoas, vive hoxe en día nas cidades e prevese que esta cifra aumentará a 5.000 millóns para o ano 2030. As cidades do mundo ocupan só o 3% da terra, pero representan entre o 60% e o 80% do consumo de enerxía e o 75% das emisións de carbono.

Neste escenario global, as cidades están chamadas a liderar o camiño cara ao desenvolvemento sostible, encarando dous grandes retos. Por unha banda, o da loita contra a desigualdade e a exclusión social, que relegan a moitas persoas a unha situación de vulnerabilidade e indefensión de cara a satisfacer as súas necesidades máis básicas. Na Coruña, con datos municipais de 2017, uns 11.366 fogares manifestan moitas dificultades para chegar a fin de mes.

Os últimos informes científicos esixen medidas rápidas e ambiciosas destinadas tanto á mitigación das causas do quecemento global, como á adaptación ás súas consecuencias. O control da xeración e o consumo de enerxía constitúen eixes de actuación centrais en ambas as dúas estratexias.

Polo demais, un mercado enerxético en gran medida liberalizado e altamente dependente de combustibles fósiles conduce á inestabilidade e ao encarecemento do prezo deste recurso de primeira necesidade, restando capacidade de actuación a familias, empresas e administracións públicas.



Un operador enerxético municipal 100% público permitirá ao Concello da Coruña operar promovendo unha política enerxética conforme ao interese xeral, co foco posto na xustiza social e na protección medioambiental.

A constitución do operador enerxético municipal liga con documentos estratéxicos de referencia para o desenvolvemento da Coruña, en particular a Axenda Urbana Coruña Próxima 2030, que dialoga coa Axenda Urbana Española e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas, especialmente:

- O fin da pobreza.
- A enerxía asequible e non contaminante.
- As cidades e comunidades sostibles.
- A produción e consumo responsables.
- A acción polo clima.

Antes da Axenda Urbana, o Concello da Coruña deu tamén pasos encamiñados a afianzar o seu compromiso co desenvolvemento sustentable, como foi a aprobación da Estratexia de Cambio Climático e a adscrición ao Pacto dos Alcaldes, a integración na Rede das Cidades polo Clima, o Plan de Acción da Enerxía da Coruña ou a sinatura da Carta de Aalborg que marca o inicio das Axendas 21 Locais. A creación dun operador enerxético municipal é coherente con esta traxectoria previa e dá un paso máis no camiño cara a xa imprescindible transición ecolóxica.

COMPETENCIAS MUNICIPAIS

A administración local carece de competencias nos grandes ámbitos da regulación enerxética: planificación, execución e explotación de grandes infraestruturas, distribución, etc. Pero ten capacidade para influír sobre grandes eixos da xestión enerxética, tales coma:

- O acceso á enerxía.
- A xeración a escala local.
- A compra e subministración.
- O aforro e a eficiencia.
- A creación dunha nova cultura enerxética a través da concienciación, o coñecemento e o asesoramento.
- A aprobación de normativa local.



- A deseño dunha fiscalidade verde.
- A promoción e execución de investimentos en materia de enerxías renovables e eficiencia enerxética.
- A investigación e demostración de tecnoloxías innovadoras.

A Coruña ten xa a fortuna de dispoñer dunha empresa pública responsable da xestión do ciclo da auga, EMALCSA, que nos seus estatutos inclúe un amplo espectro de actividades relacionadas coas diferentes fases da xestión da enerxía no sentido antes mencionado:

El objeto de la Sociedad está constituido por las siguientes actividades económicas, industriales y de servicios:

(...)

3. Realizar toda clase de obras de instalaciones, captación, producción, distribución y montajes de energías: eléctrica, gas o de cualquier otra y el suministro y comercialización de las mismas y de todo cuanto tenga relación con la rama de las industrias referidas.

4. Realizar instalaciones de sistemas conductores, portadores o transportadores de señales, imágenes o energía y explotar y comercializar los servicios correspondientes.

5. Asumir la ejecución y gestión de servicios municipales relacionados con el objeto social y prestar la colaboración necesaria al Ayuntamiento con el mismo fin.

6. El análisis, diseño y ejecución de nuevas estrategias de prestación de los servicios municipales, tanto desde el punto de vista tecnológico como operativo.

7. La difusión de información, conocimiento y buenas prácticas así como la prestación de servicios y el desarrollo de actividades orientadas al fomento de la innovación, el desarrollo tecnológico, la transferencia y el uso de tecnologías emergentes para el funcionamiento urbano.

8. El desarrollo, promoción e impulso de proyectos de investigación fundamental o industrial, desarrollo e innovación tecnológica propios o en cooperación con profesionales, empresas y organizaciones, y con Universidades y Centros de investigación u otras entidades, con el objetivo de generar y difundir conocimiento tecnológico vinculado al funcionamiento urbano.

9. La prestación de servicios de carácter técnico y operativo así como contable, fiscal, administrativo y de asesoramiento en general al Excmo. Ayuntamiento de A Coruña, a las sociedades o entes públicos participados por este o por la propia Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, S.A.



OBXECTIVOS DO OPERADOR ENERXÉTICO MUNICIPAL

CORUÑA ENERXÍA

A constitución e o funcionamento do operador enerxético municipal debe encamiñarse cara aos seguintes obxectivos, que avanza nos xa definidos Estratexia de Cambio Climático da Coruña:

- Aforrar ao Concello da Coruña custos derivados do consumo enerxético eliminando intermediarios e incrementando a eficiencia no uso da enerxía
- Garantir o acceso da cidadanía á enerxía coma recurso de primeira necesidade, eliminando os cortes de subministro ao tempo que se fomente o aforro enerxético e o autoconsumo na poboación vulnerable.
- Reducir o impacto ambiental derivado do consumo e a xeración de enerxía, tanto no relativo á emisión de gases de efecto invernadoiro e outros contaminantes, como ao uso dos recursos naturais, a través dunha decidida aposta polas enerxías 100% renovables e a vinculación de xeración e consumo en áreas urbanas.
- Incrementar a autonomía enerxética e económica da cidade, tanto no ámbito municipal como cidadán, a través do coñecemento fondo sobre a enerxía, a redución do consumo e o aumento da autoprodución.
- Fortalecer o tecido económico fomentando a ocupación nunha actividade económica propia e sostible como alternativa a outros modelos de desenvolvemento inestables no escenario da crise climática.
- Promover o liderado público e cidadán na gobernanza enerxética da cidade establecendo modelos de participación e transparencia.
- Posicionar A Coruña como cidade referente en política enerxética no marco dos procesos de transición ecolóxica.



COMETIDOS DO OPERADOR ENERXÉTICO MUNICIPAL

CORUÑA ENERXÍA

1. Comercialización de enerxía renovable

A actividade de compra-venda de electricidade permitirá dar a cobertura necesaria ao subministro municipal e ao sector doméstico, en especial aqueles fogares que se atopen en situación de vulnerabilidade.

Segundo a Lei do sector eléctrico, a actividade de comercialización de electricidade debe desenvolverse a través dunha empresa mercantil que, se quere satisfacer a demanda de electricidade municipal, ten que ser un medio propio do Concello.

O marco actual permite que o operador merque electricidade fundamentalmente por dúas vías: as subastas diarias de prezo variable ou contratos bilaterais de prezo estable coas entidades xeradoras.

O operador traballará para conseguir as subministracións nas mellores condicións de calidade, sustentabilidade e custos, cunha aposta decidida polas enerxías renovables. Isto require asumir un papel activo no mercado e crear as estruturas necesarias para optimizar as funcións de compra-venda.

2. Pobreza enerxética

Garantir o acceso á enerxía para cubrir as necesidades básicas mínimas e suficientes en todos os fogares debe ser parte fundamental do funcionamento do operador e obrigará a poñer todos os medios necesarios para acadalo.

As actuacións neste eido abren múltiples posibilidades: dende a relación con empresas distribuidoras externas para evitar cortes de luz, ata o establecemento de tarifas sociais de electricidade do operador municipal ou o asesoramento cualificado a persoas en situación de pobreza enerxética para reducir a factura da enerxía. Para iso, estimularase a colaboración do operador enerxético coa área municipal responsable dos Servizos Sociais e, no seu caso, coas organizacións sociais, para identificar as persoas en situación de pobreza, risco ou vulnerabilidade.



3. Xeración de enerxía: mapa das enerxías renovables da Coruña

No Concello da Coruña existen xa experiencias incluídas na súa Estratexia de Loita contra o Cambio Climático 2014-2020: programas de enerxías, coxeneración nos complexos deportivos de San Diego e San Amaro, xeración de biogás na Planta de Nostián, vertedoiro de Bens, produción de biogás na EDAR Bens ou instalacións solares na Casa da Auga, na piscina de Riazor e no parque de bombeiros, que presentan un gran potencial de ampliación

A tal fin, unha das primeiras tarefas a abordar será a elaboración dun Mapa das Enerxías Renovables que estude a viabilidade técnica e económica de implantar na cidade da Coruña, especialmente en instalacións municipais, pero sen descartar o espazo público e mesmo o privado: sistemas de obtención de enerxías renovables de tipo solar fotovoltaico, solar, térmico, eólico, hidráulico, biolóxica, maremotriz, undimotriz, coxeneración etc.

Así mesmo, a medio prazo, sería desexable promover instalacións de xeración de enerxías renovables para o autoabastecemento en vivendas, de xeito prioritario no parque de vivendas municipais, pero tamén nas privadas vía subvencións semellantes ás destinadas á rehabilitación.

4. Capacitación e asesoramento

O impulso dunha cultura da enerxía propia do século XXI é parte fundamental do proceso de transición, e debe enfocarse de diversas maneiras dependendo dos colectivos destinatarios e necesidades dos proxectos:

- Capacitación e formación ocupacional arredor de proxectos de transición enerxética, con fincapé nos que se desenvolverán no Concello da Coruña: instalación de renovables, asesoramento á cidadanía, etc.
- Formación do funcionariado e do persoal de Emalcsa.
- Formación a profesionais e empresas, p.ex. pemes en cuestións relativas ao aforro, a eficiencia e migración ás enerxías renovables para mellorar o rendemento dos seus negocios.



- Asesoramento a particulares, en especial a persoas en situación de vulnerabilidade, constituindo a “Oficina da Enerxía” que a medio prazo pode descentralizarse ou actuar de xeito itinerante nos equipamentos municipais coma Centros Cívicos ou Bibliotecas.
- Educación Ambiental aos diferentes sectores de poboación.

5. A cadea de valor: innovación, demostración e creación dun ecosistema

O cambio de modelo de xestión da enerxía xera así mesmo oportunidades de emprego e de negocio, que poden verse amplificadas coa creación de sinerxías. Cómpre polo tanto non perder de vista as actuacións complementarias destinadas a crear un ecosistema atractivo para o investimento na Coruña baixo o paradigma da transición enerxética.

Esta perspectiva é coherente coa Estratexia Metropolitana de Innovación Innova CM 2030, e mesmo co emerxente proxecto da Cidade das TIC, onde as novas tecnoloxías teñen ampla marxe de expansión e aplicación práctica no eido da transición enerxética e as estratexias de aforro e eficiencia. O programa de financiamento europeo Conecta Coruña forma parte tamén deste marco de actuación.

Contemplando unha escala territorial maior, na rexión urbana da Coruña existe un consolidado tecido industrial para a fabricación de aeroxeneradores, concentrado na comarca de Ferrolterra-As Pontes. Ademais, A Coruña aparece nun lugar destacado para a innovación e o aproveitamento da enerxía maremotriz, undimotriz e eólica.

As tres universidades galegas ofrecen formación superior e investigación no sector enerxético, contando con 25 graos universitarios, 16 másters e 27 doutoramentos arredor da enerxía nas súas diversas facetas. A maiores, coexisten 9 centros de investigación, 13 centros tecnolóxicos e 21 grupos de investigación dedicados a este campo, o cal supón un enorme potencial de desenvolvemento do sector e de apoio mutuo para converter ao Concello da Coruña nun campo de ensaio de tecnoloxías e sistemas pioneiros.

O Concello da Coruña ten ampla experiencia na captación de fondos europeos que ben se poden aproveitar para impulsar este cambio de modelo, tanto no relativo a investigación, o desenvolvemento rexional, as novas tecnoloxías, a inserción laboral e a inclusión social, que adoitan ter a loita contra o cambio climático coma obxectivo transversal dos proxectos a financiar.



GOBERNANZA

A creación do operador municipal acompañarase de asesoramento e participación da sociedade civil, a través dun Consello Municipal da Enerxía de carácter consultivo, no que se dean cita o propio operador, representantes da Oficina Municipal de Cambio Climático, a cidadanía organizada, a Universidade etc. para asesorar, promover e facer seguimento ás políticas de transición enerxética implementadas.

FASES NA CONSTITUCIÓN DO OPERADOR ENERXÉTICO MUNICIPAL

2019 - 2020

1. Acordo do Consello de Administración de Emalcsa para o inicio dos trámites de constitución do operador enerxético municipal.
2. Estudo de mercado e do procedemento de constitución do operador.

2020 - 2021

1. Constitución do operador enerxético municipal.
2. Elaboración do Mapa das Enerxías Renovables.
3. Creación da Oficina da Enerxía para o asesoramento á cidadanía.

2021 – 2022

1. Capacitación de persoal para tarefas de asesoramento a particulares e pemes, instalación de tecnoloxías, etc.
2. Activación de medidas de rescate social para casos de pobreza enerxética.
3. Implementación do Mapa das Enerxías Renovables, programando a instalación de sistemas de obtención de enerxía renovable.
4. Impulso de proxectos innovadores de xeración de enerxía, aforro e eficiencia, asesoramento, inserción laboral, innovación tecnolóxica, etc.



ACORDOS

En relación ao exposto, o Consello de Administración de EMALCSA adopta os seguintes acordos:

1. Encomendar á dirección da sociedade o inicio do procedemento para a constitución dun operador enerxético municipal.
2. Habilitar a Emalcsa para elaborar os pertinentes estudos que se presenten a este consello de administración con carácter previo á súa aprobación.
3. Dispoñer dos fondos necesarios para estas xestións, e singularmente para a elaboración do Mapa das Enerxías Renovables, con cargo do orzamento de Emalcsa.